



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR Nº 5

TEMPADA 2018/19

XXVII CAMPIONATO GALEGO SUB 23 XXVII CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN

DATAS E LOCAL DE XOGO

23 e 24 de marzo de 2019.

No Pavillón Campo da Serra, Avd. Santa Icíá s/n, Narón.

PROBAS A DISPUTAR CON DÍA E HORARIOS

Sábado día 23 - de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Sub 23: Individual e Dobres masculinos e femininos.
- Galego Alevín: Equipos masculinos e femininos (poden participar equipos mixtos, cun xogador e xogadora, no caso de que haxa só unha licenza masculina e/ou unha feminina no mesmo club, que se encadrarán na modalidade de equipos masculinos)

Domingo día 24: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Alevín: Individuais e Dobres masculinos e femininos.
- Galego Sub 23: Equipos masculinos e femininos.

SISTEMA DE XOGO

Equipos Galego Sub 23:

- Equipos masculinos (Copa Swaythling, mínimo 3 xogadores).
- Equipos femininos (Corbillón, mínimo 2 xogadoras).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Equipos Galego Alevín:

- Equipos masculinos e femininos (Corbillón, mínimo 2 xogadores).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Os individuais disputaranse por grupos na primeira fase e por eliminatorias na fase final.

As probas de dobres masculinos e femininos, disputaranse por eliminatorias, ao mellor de 5 xogos.

PARTICIPACIÓN

- Equipos masculinos sub 23 e alevíns: 12 equipos.
- Equipos femininos sub e alevíns: 8 equipos.
- Individual Masculino sub 23 e alevíns: 40 xogadores.
- Individual feminino sub 23 e alevíns: 24 xogadoras.
- Dobres masculinos e femininos sub 23 e alevíns: 16 parellas.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453

 **XUNTA DE GALICIA**
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

 **DEPORTE
GALEGO**

Para seleccionar os equipos co sistema de xogo Copa Swaythling, tomáranse os 3 primeiros xogadores de cada equipo, con máis puntuación no ránking.

Para seleccionar os equipos co sistema de xogo Corbillón, tomáranse os 2 primeiros xogadores de cada equipo, con máis puntuación no ránking.

Os xogadores participantes nas probas de individuais e dobres, tomaranse polo orden do ranking.

A participación será para todos aqueles xogadores con licenza federada en vigor durante a tempada 2018/19.

CABEZAS DE SERIE

Os cabezas de serie tomaranse tendo en conta o ranking.

DEREITOS DE INSCRICIÓN

Campionato Galego Sub 23:

- Equipos: 10 €.
- Individuais: 5 €
- Dobres: 5 € por parella.

Campionato Galego Alevín:

- Equipos: 5 €
- Individuais: 1 €
- Dobres: 1 € por parella.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta da Federación Galega: **0130/3007/70/0108038102**, enviando a continuación unha fotocopia da transferencia efectuada ao mail de: secretaria@fgtm.es

Se ao finalizar a data de inscrición non se recibiu a mencionada transferencia, darase de baixa ao Club ou xogadores implicados de todas as probas en que se inscribiron.

INSCRICIÓN

Os equipos interesados en participar nestes campionatos terán que cubrir os FORMULARIOS DE INSCRICIÓN que se encontran na páxina web da galega, antes das 14:00 horas do día 12 de marzo de 2019.

Notas: A criterio do Xuíz Arbitro poderase xogar, na proba de equipos, en dúas mesas.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á CIRCULAR Nº 5 - NORMATIVA DOS CAMPIONATOS GALEGOS, que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web.

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

1 de marzo de 2019